

I CIRCUITO SERIES MUNICIPAIS DE ATLETISMO EN PISTA

CIDADE DE VIGO

1. A AGRUPACIÓN VIGUESA DE ATLETISMO, co patrocinio da CONCELLERIA DE DEPORTES DO CONCELLO DE VIGO, organiza o **Primeiro Circuito Series Municipais de Atletismo en Pista CIDADE DE VIGO**, a desenrrolarse nas pistas do Estadio Municipal de Atletismo de Balaidos, ó longo de oito xornadas desenvolvidas na tempada 2015/2016.

Tratarase de dúas xornadas correspondentes a tempada de inverno, con probas do programa de pista coberta e seis xornadas con probas do programa de aire libre. Estes programas recollen a maioría de probas oficiais para as categorías de Cadetes a Senior, se ben sóamente se computarán para o circuito aquelas probas que se recollen no punto 2 deste regulamento.

2. Establecerase unha clasificación en función dos resultados acadados neste conxunto de probas, dividindo as mesmas en catro sectores:

SECTOR	PROBAS
SALTOS	LONXITUDE, TRIPLE, ALTURA E PÉRTEGA
LANZAMENTOS	PESO, DISCO, XABALINA E MARTELO
VELOCIDADE / VALOS	60/100 m. 200 m. 400 m. 60/110/100 valos, 400 valos
MEDIO FONDO / FONDO	800 m, 1.500 m. 3.000 m. 3.000 obstaculos

3. As probas a celebrarse serán:

1ª Xornada Serie Municipal	Data: 03/01/2016
2ª Xornada Serie Municipal	Data: 10/01/2016
3ª Xornada Serie Municipal	Data: 02/04/2016
4ª Xornada Serie Municipal	Data: 16/04/2016
5ª Xornada Serie Municipal	Data: 15/05/2016
6ª Xornada Serie Municipal	Data: 18/06/2016
7ª Xornada Serie Municipal	Data: 02/07/2016
Trofeo Cidade de Vigo de Atletismo en Pista. Final Circuito	Data: 09/07/2016

4. A clasificación do circuito farase contabilizando as tres mellores marcas acadadas polos atletas en cada un dos sectores, según a tabla internacional, (Tabla Húngara 2012), sempre para probas senior recollidas no punto 2 do regulamento. Habará unha clasificación feminina e outra masculina. Para optar os premios é obrigatorio acudir á proba final do circuito, o Trofeo Cidade de Vigo, así como a Gala de entrega de premiacións deste Circuito. Cada atleta soamente poderá optar os premios en un dos sectores. Este premios paara cada especialidade e sexo serán:

PREMIOS				
1º CLASIFICADO/A	2º CLASIFICADO/A	3º CLASIFICADO/A	4º CLASIFICADO/A	5º CLASIFICADO/A
150,00 €	100,00 €	75,00 €	50,00 €	25,00 €

5. Programa de probas. Adxunto presentase o programa de probas para as diferentes xornadas, repetíndose o prorama nas xornadas 3ª, 5ª y 7ª por unha banda e as xornadas 4ª, 6ª e o Trofeo Cidade de Vigo por outro. Se ben este é o programa base, poderánse incluír probas fora de estes programas, e fora do Circuito, en función das necesidades que podan xurdir en búsqueda de marcas mínimas para campionatos. Asemade, hos horarios adaptaranse en función de que a probas se celebren en xornada de mañá ou tarde.

6. A inclusión de outras probas dentro do programa de cada xornada deberá solicitarse con alomenos 15 días de anticipación, xustificando a necesidade desta inclusión. A organización valorará en función desta xustificación e a viabilidade técnica, a inclusión ou non destas solicitudes. En todo caso, as probas que se incorporen a os programas base non puntuarán para o Circuito. Consideraranse a todos os efectos probas extras fora do Circuito.